

Tamara Andrés: "Sentía a necesidade de reparar a historia e a identidade de Matilde Lloria a través do libro"

Tamara Andrés (Combarro, Poio, 1992) vén de publicar *Eu son de aquí e de alá* (Galaxia), unha obra que se sitúa nun espazo intermedio entre a poesía, a narrativa e o traballo de investigación e que segue a traxectoria da poeta Matilde Lloria, nada en Valencia e que residiu e escribiu na Galiza.

María Amigo 13 de marzo de 2026

<https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/sentia-necesidade-reparar-historia-identidade-matilde-lloria-traves-do-libro/20260313223922250306.html>

—Como descubriu Matilde Lloria e que foi o que lle despertou tanto interese sobre a súa figura?

O seu nome xa estaba na miña tese de doutoramento, pero apenas puña datos sobre ela. Marchei a vivir uns meses a Valencia, que é xusto a cidade onde ela morreu. Como estaba alí, entráronme ganas de investigala. Metín o seu nome no buscador e aparecían fotos de poetas que non eran ela. Tiña moita curiosidade, porque todas as pistas me levaban a sitios erróneos, eu quería saber quen era Lloria e por que a súa identidade non transcendera, nin na literatura galega, nin na valenciana. Confundíase moito a súa figura coa de Pura Vázquez ou coa de Ángela Figuera Aymerich. Sentía a necesidade de reparar a súa historia dalgún modo.

—Todo o proceso de investigación descrito no libro, até que punto sucedeu na realidade?

É verídico na base, pero no libro está ficcionado en virtude da materia literaria. Eu marchou a Valencia e aí comezo o meu proceso de investigación e cando volvo á Galiza investigo os poemarios que fixo aquí. Tiña todo o tempo a sensación de que esta muller estaba fragmentada en dúas partes, de aí tamén o título do libro.

—Como influíu a súa formación de tradutora á hora de crear este libro?

Un dos primeiros libros que lín que a mencionaban foi unha antoloxía de poesía valenciana de Joan Fuster, aí aparecía un título que era 'Caixeta de música', un poemario supostamente inédito. Cando cheguei á Galiza vin que un dos seus poemarios en galego chamábase 'Caixiña de música', e si que estaba publicado. Creo que isto foi unha auto-tradución, aínda que non hai ningunha indicación que remita a isto no texto en galego.

Interésanme as autoras que traducen e máis as que se auto-traducen. Teño a sensación de que Matilde estivo traducíndose a si mesma todo o tempo, porque a súa vida alí en Valencia estivo

devastada pola represión franquista e ao chegar á Galiza parece que borrou toda a súa produción orixinal. Esa tamén é a miña proposta metafórica.

—Como foi mudando a súa relación con Lloria a medida que escribiu o libro?

Ao principio era unha descoñecida para min, pero pouco a pouco funme obsesionando até o punto de imaxinar conversas con ela. De aí vén que no libro me dirixa directamente a ela, ao final rematei establecendo unha relación case de intimidade.

—En que xénero poderíamos encadrar a súa nova obra?

Polo de agora quedo coa definición de 'artefacto literario', porque é un termo que acolle todos os xéneros nos que adoito moverme. Hai un pouco de ensaio, un pouco de poesía e un pouco de investigación. É un híbrido que contén moitos xéneros.

—Cales foron as súas principais referencias á hora de escribir o *Eu son de aquí e de alá*?

Durante a conformación do libro resultaron esenciais as persoas do meu entorno, o meu editor, amigas e compañeiras da residencia onde comecei a escribir, eles axudáronme a darlle forma. Cando o proceso de escritura estaba máis avanzado, unha coñecida faloume dun libro que tiña un espírito semellante: *Me fui como una tormenta*, de Sara Herrera Peralta. Máis tarde descubrín unha obra que fai algo moi parecido ao que fago eu, *Géographie de l'oubli*, de Raphael Sigal.